



CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

BASES REGULADORAS DA PARTICIPACIÓN, CONCESIÓN DE AXUDAS E OUTORGAMENTO DE PREMIOS ÓS PARTICIPANTES NA CARREIRA DE BURROS NAS FESTAS DE ESCAIRÓN 2017

O Concello de O Saviñao ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o día 8 de Agosto do 2017, con motivo da celebración das Festas Patronais de Escairón, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e os premios que se outorgarán ós participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- Poderán participar nos actos programados polo concello de O Saviñao con motivo das Festas Patronais 2017 e ser beneficiarios destas axudas, calquera persoa do municipio ou fóra del que fagan a inscrición ata media hora antes da proba e cumpran as condicións previstas nestas Bases.

SEGUNDA.- Para obter as axudas previstas nestas bases será necesario cumprir as seguintes condicións:

Carreira de burros

1. A carreira de burros comezará o 8 de Agosto ás 12.00 horas e os interesados poderán inscribirse ata media hora antes.
2. Os burros que participen na carreira deberán estar en perfecto estado de saúde, serán revisados por un veterinario na saída antes do comezo de cada carreira.
3. Está totalmente prohibido golpear ó animal con algún tipo de látigo, vara ou calquera utensilio punzante.
4. Está totalmente prohibido o uso de calzado con espuelas.
5. Non poderán participar na carreira burros que por calquera razón sangren ou teñan algunha ferida.
6. Os burros poderán ser montados polo dono ou por calquera outro xinete sempre que se inscriba ata media hora antes da carreira.
7. Os xinetes que participen na carreira deberán levar visible o dorsal que lle entregará a organización no momento da inscrición.
8. Os participantes non poderán desviarse do percorrido marcado polo concello, leva consigo a descalificación da proba.
9. No caso de realizar varias tandas de clasificación os burros que competirán en cada unha delas decidiranse por sorteo antes de comezar a proba.
10. Os participantes deberán obedecer as instrucións que lle indique a Organización durante toda a competición.





CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1

Escairón- O Saviñao

Teléfono 982 452061

27540 (Lugo)

Fax 982 453048

Tiro de corda

1. O tiro de corda comezará o 8 de Agosto ás 13.30 horas e os grupos interesados poderán inscribirse ata media antes.
2. Os grupos participantes deberán estar formados por 5 persoas.
3. Haberá dúas categorías: Infantil (14 anos e menores) e Adultos (maiores de 14 anos).
4. Está prohibido o uso de calzado con elementos punzantes.
5. Está totalmente prohibo enrolar a corda na man ou calquera outra parte do corpo.
6. A orde dos tiradores realizarase por sorteo antes de comezar a proba.
7. Os participantes deberán obedecer as instrucións que lle indique a Organización durante toda a competición.

TERCEIRA.- PREMIOS

A contía total do crédito destinado a estas axudas é de 2.700,00 €. **Ós donos dos burros asistentes outorgaráselle a contía de 40 € ata alcanzar o crédito dispoñible.**

As axudas outorgaranse do seguinte xeito:

A. CARREIRA DE BURROS:

1º Clasificado: 200,00 € + Trofeo

2º Clasificado: 100,00 € + Trofeo

3º Clasificado: 50,00 € + Trofeo

Gañador do premio local: 200 € + Trofeo

B. TIRO DE CORDA:

Adultos:

1º Clasificado: 100,00 € + Trofeo

2º Clasificado: 50,00 € + Trofeo

3º Clasificado: 30,00 € + Trofeo

Infantil:

1º Clasificado: Medallas

2º Clasificado: Medallas

3º Clasificado: Medallas





CONCELLO DE O SAVIÑAO

Plaza de España 1
Escairón- O Saviñao 27540 (Lugo)
Teléfono 982 452061 Fax 982 453048

Os premios serán outorgados por un xurado composto polas seguintes persoas:

- D. Juan Carlos Armesto Quiroga, Tenente Alcalde do Concello de O Saviñao .
- D. Jorge Eugenio Rodríguez Álvarez, concelleiro de Deportes.
- Dna. Beatriz Rois Castro, concelleira de Cultura, Xuventude, Turismo e Servizos Sociais.

A entrega dos trofeos e medallas realizarase ó finalizar ambas probas no campo da Lama e o premio económico pagarase mediante transferencia bancaria unha vez tódolos participantes teñan presentado o certificado bancario e a copia do Dni (nun prazo máximo de 7 días contados dende o día seguinte á competición), co resultado que reflecta a acta realizada polo xurado o día 08/08/2017 unha vez realizadas as probas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Cod. Validación: AYM2ESKX3KZTG32E7MSZ2P3PX | Corrección: <http://concelloosaviñao.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3